



Para comezar repasemos a diferenza entre dous conceptos que as veces podemos confundir:

- Tempo atmosférico
- Clima

1.- O Tempo atmosférico é o estado da atmosfera nun lugar determinado, nun momento determinado. É dicir, "**hoxe en Teo está chovendo**" refírese a este concepto, fala dun sitio (Teo) un día determinado (hoxe).

2.- O Clima é o tempo que predomina ao longo de moito tempo, anos, lustros e séculos. Que chova ou non un día concreto non ten que ver co clima, hai que estudalo ao longo do tempo. Así, podemos dicir que no deserto do Sahara hai un clima seco e desértico, independentemente de que algún día poida chover.

Para coñecer o tempo dun día basta con consultar calquera información meteorolóxica que nos proporcionan as/os expertas/os a través dos medios de comunicación. Pero para saber do clima dun lugar hai que estudar, durante moitos anos, os datos relacionados con cinco características importantes. Lembra cales son? :

Práctica:

Sinala neste exercicio as cinco características que se estudan para establecer o clima dun lugar (preme sobre as correctas)

- A temperatura
- A contaminación
- A humidade
- O vento
- A presión atmosférica
- A cantidade de habitantes
- A distancia ao mar
- As precipitacións (choiva)
- A altura

E xa que estamos, saberías ordenar as capas da atmosfera da máis alta á máis baixa, sendo a 1 a máis alta e a 5 a máis baixa (une con liñas o nome e o número):

TERMOSFERA	1
ESTRATOSFERA	2
TROPOSFERA	3
EXOSFERA	4
MESOSFERA	5